

I. A GUERRA FRÍA E A POLÍTICA DE BLOQUES.

1. DEFINICIÓN E CARACTERÍSTICAS.

Chamámoslle Guerra Fría ao estado de tensión permanente no que se atopaban as relacións internacionais entre o final da II Guerra Mundial e o 1991. Nese tempo, o mundo estivo dividido entre os partidarios dos EUA (os capitalistas) e os partidarios da URSS (os comunistas). Rematará en 1991, coa disolución da URSS.

Foi un sistema bipolar, con dúas potencias antagónicas de capacidade bélica semellante, marcado por unha frenética carreira de armamentos, buscando cada bloque conseguir ser o máis mortífero e causar máis medo ao adversario.

Delimitáronse as áreas de influencia de cada bloque, nas que a outra superpotencia non podía influír de ningunha maneira. Dentro da súa área de influencia, a superpotencia tiña o poder de reprimir calquera crítica ou disidencia, sen que a outra se metese. Tamén era moi importante o papel da propaganda, pois con ela cada superpotencia esaxeraba os seus logros dentro do seu bloque e demonizaba o bloque contrario.

Tamén é característica da Guerra Fría a política “do bordo do abismo”, que consistía en disuadir o inimigo de comezar unha guerra coa ameaza de pór en marcha un ataque nuclear capaz de destruír o mundo. Houbo conflitos locais nos que interviña a superpotencia dentro do seu bloque, pero non loitaron as superpotencias entre si en ningún momento. Cando unha superpotencia interviña nun conflito do seu bloque, non tiña para nada en conta os países nos que se desenvolvía, tomaba as decisións unilateralmente.

Os distintos servizos de espionaxe, CIA nos EUA e KGB na URSS, foron adquirindo cada vez máis importancia. Mentres tanto, a ONU intentou exercer un papel moderador, mais a capacidade de veto tantos dos EUA como da URSS impediron tomar medidas na súa contra.

2. A FORMACIÓN DA BIPOLARIDADE.

A. O INCREMENTO DA MUTUA DESCONFIANZA.

A permanencia do Exército Vermello en Europa Oriental sementou a desconfianza entre os antigos aliados na II Guerra Mundial. Ademais, en Polonia, Romanía, Hungría, Bulgaria, Checoslovaquia, Alemaña Oriental, Albania e Iugoslavia, a URSS impulsou a formación das denominadas democracias populares, nas que os partidos comunistas acabaron converténdose en forzas gobernantes.

Os EUA e os seus aliados de Europa occidental denunciaron o perigo da expansión comunista e intentaron impedir o seu avance por Europa. Estas actuacións foron considerada pola URSS como un intento de estender a influencia angloamericana por Europa occidental. O papel hexemónico dos EEUU na nova Organización das Nacións Unidas e o seu indiscutible liderado económico aumentaron aínda máis as diferenzas entre eles.

B. A RUPTURA DO ANO 1947.

En 1947, os EUA anunciaron a Doutrina Truman, que defendía a necesidade de substituír o tradicional illacionismo estadounidense por unha política que asegurase a contención do comunismo en Europa. Para iso, ofreceulle apoio político e militar a todos os Estados que se sentisen ameazados polo comunismo e creou unha axencia de información, a CIA (Central de Intelixencia Americana) ao servizo desta causa. Incluía unha liña de axuda para a reconstrución en Europa, o Plan Marshall, que consistía nunha axuda colectiva de 4 anos de duración, en forma de créditos e doazóns, que se repartirían entre os países que aceptasen. A cambio, estes países debían expulsar os ministros comunistas que houbese nos seus gobernos. Coñecida esta esixencia, a URSS e os países do Leste de Europa rexeitárona. Os 16 países que aceptaron o Plan Marshall, crearon a OECE (Organización Europea de Cooperación Económica).

A URSS converteuse no líder da loita revolucionaria contra o colonialismo político e económico, pretendendo poñerse á fronte das forzas antiimperialistas e antifascistas. Para iso, creou a KOMINFORM, unha organización que lles sinalaría aos partidos comunistas de Europa o camiño a seguir, como se demostrou en Checoslovaquia, onde o Partido Comunista obrigou ao Presidente da República (había un goberno de coalición) a dimitir e entregarlle o poder ao secretario xeral do Partido Comunista de Checoslovaquia.

3. OS BLOQUES DA GUERRA FRÍA.

A) O BLOQUE OCCIDENTAL OU CAPITALISTA.

Na maioría dos Estados do bloque occidental (todos menos Portugal e España) establecéronse sistemas políticos democráticos con economía capitalista. Este bloque tiña tres eixos principais:

- A **doutrina Truman** ou doutrina da contención.
- O **Programa de Reconstrución Europea (Plan Marshall)**, un plan de axuda financeira aos países que se aliasen na loita contra o comunismo, como xa vimos.
- A **Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN)**, integrada polos Estados do bando dos EUA e establecía unha alianza pola cal se calquera país do bloque capitalista era atacado por outro que non fose da OTAN, todos os Estados da OTAN acudirían a axudalo.

B) O BLOQUE ORIENTAL OU COMUNISTA.

Os países que formaron o bloque soviético tiñan unha dependencia case total, política e económica, da URSS. Eran as democracias populares, ditaduras de partido único nas que non se respectaban os dereitos individuais e reprimíase violentamente calquera oposición. Para afianzar o dominio sobre estes países, a URSS puxo en marcha dúas estratexias:

- Crear un **Consello de Axuda Mutua Económica (COMECON)**, para chegar a un acordo sobre como planificar a economía e organizar un sistema de axuda aos países membros.
- Fundou o **Pacto de Varsovia** en resposta á OTAN, para defenderse ela e os seus aliados de posibles ataques do bloque occidental.

Todos os países comunistas se uniron a estes organismos, agás Iugoslavia e Albania, que escolleron seguir a súa propia vía ao comunismo.

4. OS CONFLITOS DA GUERRA FRÍA.

4.1. DOS INICIOS Á COEXISTENCIA PACÍFICA (1947-1953).

A) A GUERRA CIVIL EN GRECIA. Tras a II Guerra Mundial, Grecia viviu unha guerra civil entre partisanos comunistas (apoiados por Iugoslavia e a URSS) e os monárquicos (con axuda británica). O apoio dos EUA aos monárquicos foi decisivo para a súa vitoria. Tanto os EUA como a URSS querían incluír a Grecia no seu bando para aproveitar a súa enorme importancia estratéxica. Como xa vimos, isto provocou o primeiro conflito da Guerra Fría.

B) O BLOQUEO DE BERLÍN. Como consecuencia dos tratados de paz da II Guerra Mundial, Alemaña quedou dividida en catro sectores, controlado cada un por un Estado vencedor (Estados Unidos, Reino Unido, Francia e a URSS). Tamén ocorreu o mesmo con Berlín, a capital, encadrada na URSS.

Ante a postura occidental de unificar de novo Alemaña, tres anos despois Stalin respondeu co bloqueo terrestre de Berlín para illar a cidade e que non puidese ter contacto cos países occidentais. Para superar este bloqueo, Estados Unidos ideou unha ponte aérea. Aínda que o bloqueo foi levantado un ano despois, Alemaña quedou dividida en dous Estados: a capitalista República Federal de Alemaña (RFA) e a República Democrática de Alemaña, de tendencia comunista.

C) O FINAL DA GUERRA CIVIL EN CHINA E O COMEZO DO CONFLITO NO PRÓXIMO ORIENTE. Ao rematar a ocupación xaponesa na **China**, reanúdase a guerra entre os nacionalistas de Chiang Kai-Chek e os comunistas de Mao Tsé-Toung. Os EUA axudan economicamente aos nacionalistas e reservan un posto permanente no Consello de Seguridade da ONU para o goberno de Chiang Kai-Chek. A corrupción dos nacionalistas e a capacidade organizativa dos comunistas fan que a guerra acabe coa vitoria de Mao en 1949, máis de 20 despois de que se iniciase. Os nacionalistas refuxiáronse na illa de Formosa, onde formaron o Estado de Taiwan, protexido pola sétima flota estadounidense. Axiña a recién formada República Popular China asina un tratado de axuda mutua coa URSS. Foi este un serio revés para os Estados Unidos.

O descubrimento do Holocausto xudeu nos campos de concentración nazis esperta a conciencia mundial sobre o problema de que a nación xudea careza dun fogar nacional. A terra de Palestina, baixo a forma de Mandato da Sociedade de Nacións desde o final da I Guerra Mundial, mais en realidade baixo poder inglés, é dividida pola ONU en dous Estados: **Israel e Palestina**. A creación do Estado de Israel en 1948 vai converter o Próximo Oriente na zona máis conflitiva do planeta. Tras diversos enfrontamentos, Israel apoderouse das terras

Tema 7. A Guerra Fría e a Política de Bloques. A descolonización e o Terceiro Mundo.

destinadas pola ONU para o Estado Palestino, ao mesmo tempo que Exipto ocupaba a franxa de Gaza e Xordania a zona de Cisjordania. Os enfrontamentos de aquí en diante van ser constantes, e as dúas superpotencias tomarán partido: EUA a favor de Israel e a URSS por Palestina.

D) A GUERRA DE COREA (1950-1953). Tras a II Guerra Mundial, Corea quedou dividida en dous Estados, separados polo paralelo 38° Norte: Corea do Norte, cun goberno comunista; e Corea do Sur, un Estado prooccidental.

En 1950 Corea do Norte invade Corea do Sur e a ONU envía os cascos azuis para sufocar o conflito. A coalición enviada polas Nacións Unidas, liderada polas tropas estadounidenses do xeneral McArthur, chegou a internarse en Corea do Norte, o que provocou a reacción de China en favor desta. Os voluntarios de Mao fixeron retroceder as tropas da ONU e chegaron a sobrepasar o paralelo 38°. McArthur propuxo usar bombas atómicas, mais desde os EUA reaccionaron destituíndoo.

Cando ambos os bandos puideron comprobar que noía haber un vencedor claro, asinou o armisticio en Panmunjon. No documento figuraba o mutuo recoñecemento da existencia dos dous Estados, que ficarían separados ata hoxe por unha franxa de seguridade.

4.2. DA COEXISTENCIA PACÍFICA Á CRISE DOS MÍSILES (1953-1962).

En 1953 hai un cambio de dirixente nas dúas superpotencias. Na URSS, Krushev substitúe a Stalin tras a súa morte. Ábrese unha etapa de relaxación, mais con crises locais.

A) A REVOLUCIÓN HÚNGARA. Tivo lugar en 1956. Comeza cunha protesta que manifesta a crítica ao comunismo, pero convértese en revolución cando os soldados apoian os manifestantes. O goberno de Nagy intenta saír do Pacto de Varsovia e decreta a evacuación das tropas soviéticas, ademais de querer instaurar un réxime pluripartidista, declarándose país neutral. A reacción foi inmediata e os tanques soviéticos entran en Budapest e acaban coa revolución.

B) A CRISE DO CANAL DE SUEZ. Sucede no mesmo ano que a húngara, cando **Nasser**, o presidente exipcio, proxecta a construción da presa de Assuan obtendo os recursos para facelo da nacionalización do Canal de Suez. Francia e Gran Bretaña desembarcan en Port Said mentres que Israel invade o Sinaí. A URSS ameaza con represalias atómicas, ao mesmo tempo que os Estados Unidos rexeitan este neocolonialismo. Isto consegue que se recoñeza a soberanía exipcia do canal e Nasser convértese nun líder para o mundo árabe.

C) O MURO DE BERLÍN. Tras a II Guerra Mundial, como xa vimos, Berlín quedou dividida en dúas zonas: a oriental, controlada pola URSS, e a occidental, controlada conxuntamente polos EUA, Reino Unido e Francia. Pese a estar as dúas zonas separadas por unha alambrada, as fuxidas da parte oriental á occidental da cidade eran moi frecuentes, polo que o goberno de Moscú, para impedilo, construíu un muro en 1961, muro que simbolizará a división mundial ata a súa caída, en 1989.

D) A CRISE DOS MÍSILES EN CUBA. En 1959, trunfa en Cuba unha revolución comunista encabezada por Castro e derroca a Batista. Os EUA queren castigar por iso a illa e deixan de comprarlle o excedente a azucre. Aínda que Fidel Castro chegara ao poder coa axuda da CIA, unha vez no poder atópase con que os antigos aliados organizaron un intento de reconquista da illa (episodio da Bahía de Cochinos, de 1961), polo que lle pediu axuda á URSS. Ao ano seguinte, avións espía norteamericanos detectaron en Cuba rampas para mísiles nucleares. Como resposta, o presidente estadounidense decretou o bloqueo naval á illa e ameazaron con invadila se a URSS non retiraba os seus barcos. EUA e a URSS chegaron a un acordo sen ter en conta a opinión cubana: a URSS retirou os barcos e Cuba quedou bloqueada.

4.3. DA MÁXIMA TENSIÓN Á CRISE (1963-1973).

A) A NOVA SITUACIÓN E A LIMITACIÓN DO ARMAMENTO. As relacións internacionais nos primeiros anos da década dos 60 están marcados por 3 personalidades: Krushev, Kennedy e Juan XIII. Serán líderes efémeros pero de grande calado, coincidindo cun cambio de mentalidade. Entre os feitos máis destacados deste cambio de mentalidade están, no lado occidental, o Maio do 68 francés, onde estudantes e obreiros lanzados á rúa causan graves problemas ao goberno de De Gaulle; e no lado oriental a Primavera de Praga, do mesmo ano. Iniciáronse conversas entre a URSS e os EUA para limitar a produción de bombas atómicas. Froito desas conversas foron o Tratado de Non Proliferación de Armas Nucleares e os Acordos SALT I, que establecería o que se denominou “o equilibrio do terror”, pois limitaba o número de mísiles balísticos intercontinentais.

Tema 7. A Guerra Fría e a Política de Bloques. A descolonización e o Terceiro Mundo.

B) A PRIMAVERA DE PRAGA. En 1968, o líder de Checoslovaquia fixo públicos unha serie de cambios políticos e económicos cos que pretendía “construír un socialismo de rostro humano”. Mais a URSS non o permitiu: enviou tropas que invadiron Checoslovaquia e obrigoulle ao novo goberno a seguir as ordes de Moscova.

C) OS CONFLITOS EN ORIENTE PRÓXIMO. Desde a creación do Estado de Israel, os conflitos cos países árabes foron continuos. Destacaron dous grandes conflitos: a Guerra dos Seis Días e a Guerra do Yom Kippur. En todos eles os enfrontados eran Israel (co apoio dos EUA e os países capitalistas) e os países árabes (co apoio da URSS). As dúas superpotencias, porén, presionaron na Guerra do Yom Kippur para lograr un alto ao fogo, co que a guerra rematou, mais as consecuencias víronse a longo prazo. Para evitar que Israel volveuse ser apoiado polos países do bloque occidental, os países empregaron como arma o subministro de petróleo: rebaixaron a produción de cru, o que multiplicou varias veces os prezos e desencadeou unha grave crise internacional.

D) AS DITADURAS MILITARES EN LATINOAMÉRICA. Os Estados Unidos apoiaban golpes de Estado nos países latinoamericanos para impoñer dirixentes favorables a eles. Entre outros, foi o caso de Chile, onde financiaron un golpe de Estado no que o presidente escollido nas eleccións, Salvador Allende, resultou morto. O poder foi asumido por unha xunta militar presidida polo xeneral Pinochet.

E) A GUERRA DO VIETNAM. En 1954, a antiga colonia francesa de Indochina queda dividida en 4 Estados: Laos, Camboia, Vietnam do Norte (comunista) e Vietnam do Sur (proestadounidense). Os franceses intentaron reconquistar Indochina, mais deberon retirarse. En 1963 interveñen os EUA na guerra de reunificación que os comunistas estaban librando no Vietnam, alarmados pola posibilidade de que conseguisen a vitoria. Os estadounidenses enviaron tropas ben adestradas e o armamento máis sofisticado, mais non puideron coa guerrilla, que contou co apoio do pobo. Ademais, os salvaxes ataques contra a poboación civil e o uso de armas químicas contra ela fixeron que internacionalmente fose unha guerra moi impopular, mais tamén provocou fortes protestas dentro das fronteiras dos EUA.

Ao final, tras case 10 anos e a morte de millóns de persoas, chegouse a un acordo para a retirada dos norteamericanos (1973) e dous anos máis tarde Vietnam do Norte conseguiu reunificar o país. Foi un fracaso dos EUA, tanto a nivel interno como a nivel internacional.

4.4. O REBROTAMENTO E O FINAL DA GUERRA FRÍA (1973-1991)

A) O PERÍODO DE ENTENDEMENTO E DISTENSIÓN (1973-1977). Na Conferencia de Seguridade e Cooperación de Helsinki, os EUA e a URSS estableceron uns principios para mellorar as súas relacións. Tamén formaron parte desa conferencia máis de 30 países, que recoñeceron as súas fronteiras como parte da nova política de distensión promovida polo líder alemán Willy Brandt.

B) O REBROTAMENTO DA TENSIÓN (1977-1985). Varios sucesos fan que se rompa este novo clima de entendemento. Os máis importantes consistían en casos nos que países neutrais ou proestadounidenses se pasaban ao bando comunista: Afganistán, Nicaragua e Irán.

Foi esta etapa unha época de escalada na carreira de armamentos. Á produción soviética de mísiles nucleares capaces de chegar aos EUA, responderon estes con outros capaces de destruír a URSS. Ademais, nos EUA, o goberno de Reagan aprobou o Programa de Iniciativa Estratéxica (Guerra das Galaxias), que pretendían destrozaren os mísiles da URSS en pleno voo.

A URSS estaba inmersa nunha forte crise e distanciouse das relacións diplomáticas, entrando noutro momento de forte tensión. Porén, o agravamento da crise fixo que o bloque comunista entrase nun proceso de descomposición.

C) O FINAL DA GUERRA FRÍA (1985-1991). Cando Gorbachov chega ao poder na URSS, encóntrase con graves dificultades: forte tensión nas relacións cos EUA, rivalidades coa China, graves problemas económicos e problemas cos nacionalismos dentro da URSS. Puxo en marcha reformas para intentar atallar estes problemas (*perestroika* e *glásnost*) e intentou mellorar as relacións cos EUA. De feito, chégase a asinar o Tratado de Washington, no que se pacta o desarmamento entre as dúas superpotencias, e o START I, no que se acorda diminuír a cantidade de mísiles intercontinentais.

Outros feitos que posibilitaron o final da Guerra Fría foron a saída dos soviéticos de Afganistán, a caída do muros de Berlín, a desaparición dos réximes comunistas de Europa do Leste, a disolución do Pacto de Varsovia e a desintegración definitiva da URSS en 1991.

II. A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO

1. A DESCOLONIZACIÓN.

A) CAUSAS DA DESCOLONIZACIÓN.

A **descolonización** é o proceso polo cal a partir de 1945 as colonias das grandes metrópoles van adquirindo a súa independencia. Entre as causas principais destacan:

1. A DEBILIDADE DAS METRÓPOLES, desgastadas tras a II Guerra Mundial e que xa non obtiñan das colonias uns beneficios económicos rendibles. Ademais, durante a guerra, formaron líderes militares nas colonias para que dirixisen as loitas contra os inimigos, líderes que encabezarán posteriormente os procesos de independencia.
2. OS MOVEMENTOS NACIONALISTAS. Unha parte da elite indíxena foi desenvolvendo unha conciencia crítica fronte á presenza europea, e elaboraron un ideario nacionalista centrífugo, é dicir, independentista. Os aspectos principais deste ideario son a reivindicación dunha identidade propia, a relixión como sinal de identidade e a apelación a valores tradicionais. Tamén influíron neste respecto as ideas europeas anticolonialistas.
3. UN CONTEXTO INTERNACIONAL FAVORABLE. A ONU defende o dereito de autodeterminación dos pobos e reclama a independencia das colonias, algo ao que tamén eran favorables os EUA e a URSS, que propiciaron movementos independentistas.

B) ESPAZOS E CRONOLOXÍA.

O proceso de descolonizador iniciouse en Asia, estendéndose despois a África e parte de Oceanía. Nalgúns casos foi un proceso máis ou menos pacífico, chegándose a acordos e pactos, como ocorreu coa maior parte do imperio británico; ou conflitos violentos e longos, con cruentas guerras.

Significou a independencia política das colonias, mais non a independencia económica, pois ao non permitirlles antes a industrialización, quedaron inevitablemente atrasados.

A descolonización desenvolveuse en 3 etapas:

1. Descolonización de Asia e Oriente Próximo, 1945-1959.
2. Descolonización da maior parte África, 1960-1970.
3. Últimas colonias africanas e territorios illados (HongKong, Macao, Timor, Sudán do Sur), de 1971 á actualidade.

A día de hoxe seguen existindo lugares que a ONU cualifica como “territorios non autónomos”, que son restos de antigos imperios coloniais.

2. A DESCOLONIZACIÓN DE ASIA E OCEANÍA.

A. A INDEPENDENCIA DA INDIA BRITÁNICA.

Antes da II Guerra Mundial existían na India movementos nacionalistas de base relixiosa que representaban as dúas grandes colectividades que existían na India:

1. O PARTIDO DO CONGRESO, liderado por Nehru, discípulo de Gandhi, que defendía a resistencia pacífica para lograr que os británicos abandonasen a India.
2. A LIGA MUSULMÁ, dirixida por Alí Jinnah, que pretendían lograr a creación dun Estado propio, separado da India e independente. Será o futuro Pakistán.

Tras a II Guerra Mundial, o Imperio Británico decidiu a partición da antiga colonia da India e a súa independencia, o que sucederá en 1947. O territorio quedou dividido entre a India e Pakistán. Posteriormente, a parte oriental de Pakistán, de maioría budista, escindiuse, tomando o nome de Bangladesh.

B. INDOCHINA.

O desexo de independencia aumentou tras seren invadidos polo Xapón durante a II Guerra Mundial. Cando rematou a guerra, Ho Chi Minh, líder da Liga para a Independencia do Vietnam, proclamou a independencia. Francia non recoñeceu esa independencia, polo que se iniciou unha guerra que se tornou internacional no momento no que a China empezou a apoiar as tropas de Ho Chi Minh, e os EUA a Francia. Esta retirase en 1954, dándolle a

Tema 7. A Guerra Fría e a Política de Bloques. A descolonización e o Terceiro Mundo.

independencia ao territorio, que queda dividida en catro Estados: Laos, Camboia, Vietnam do Norte e Vietnam do Sur. Será unha zona de conflito durante a Guerra Fría e suporá a primeira grande derrota dos Estados Unidos.

C. INDONESIA.

Tamén fora ocupada polo Xapón durante a II Guerra Mundial. Nada máis rematar, Sukarno, que dirixía o Partido Nacionalista Indonesio, proclamou a República de Indonesia, algo que os holandeses non aceptaron. Catro anos despois, porén, non tiveron máis remedio que recoñecer a independencia da rexión, deixando a Sukarno como xefe do recién creado Estado de Indonesia.

D. OCEANÍA.

As colonias de Oceanía tardaron en independizarse. As primeiras zonas en facelo foron Australia, Nova Zelandia e Samoa. O resto do continente non o conseguiu ata a década de 1970, ou ata 1980.

3. O ORIENTE PRÓXIMO.

A. O ORIENTE PRÓXIMO NA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XX.

En 1917, O Reino Unido comprometeuse a favorecer a creación dun “fogar nacional xudeu” en Palestina. Foi a coñecida como DECLARACIÓN BALFOUR. Palestina era un territorio situado no Próximo Oriente, en mans dos imperios musulmáns desde o século VIII. Cando o Imperio Turco perde a I Guerra Mundial, estes territorios pasan a ser mandatos da Sociedade de Nacións, quen llo entrega para o seu goberno ao Reino Unido. Comezou nese momento a inmigración xudea.

30 anos máis tarde, a ONU aprobou a partición de Palestina en dúas zonas, distribuída de tal forma que o 55% quedaba en mans da minoría xudea. A maioría palestina quedaba reducida ao 45% do territorio, que ademais estaba fragmentado. Xerusalén quedaba baixo control internacional.

B. AS GUERRAS ÁRABE-ISRAELÍ.

En maio de 1948 proclamouse a creación do Estado de Israel. Os países árabes da zona enviaron tropas e desencadeouse primeira guerra árabe-israelí, na que venceu Israel, que ampliou o seu territorio e ocupou parte de Xerusalén.

En 1956 Exipto nacionalizou o Canal de Suez, polo que Israel, Francia e o Reino Unido enviaron as súas tropas, aínda que a ONU obrigoulles a retirarse. Ao ano seguinte produciuse a Guerra dos Seis Días, na que Israel ataca Exipto, Siria e Xordania. Como resultado, os hebreos conquistan Gaza, Cisjordania, o resto de Xerusalén, os Altos do Golán e a península do Sinaí. A ONU ordenoulle retirarse das zonas conquistadas, mais non o fixo e tampouco tivo consecuencias.

A seguinte gran guerra árabe-israelí aconteceu en 1973, a Guerra do Yom Kippur, cando Exipto e Siria logran ocupar posicións israelís, mais será brevemente, pois Israel consegue recuperalas con axuda estadounidense.

C. OS INTENTOS DE PACIFICACIÓN.

A partir a segunda metade da década de 1970, os conflitos estarán intercalados por intentos de pacificación desenvolvidos a nivel internacional. Os feitos máis importantes foron:

1. OS ACORDOS DE CAMP DAVID, promovidos, polos EUA, no que se consegue a sinatura de tratados nos que Israel devólvelle a península do Sinaí a Exipto, e este recoñece o Estado de Israel.
2. A GUERRA DE ISRAEL E DO LÍBANO, que comeza coa ocupación israelí dunha parte do territorio libanés.
3. A creación da OLP (Organización para a Liberación de Palestina), dirixida por YASSER ARAFAT, que organiza accións terroristas contra Israel, adoptando tácticas de guerrilla urbana nos territorios ocupados. Será a denominada Intifada.
4. NA DÉCADA DE 1990 tiveron lugar varios intentos de paz, de entre os que destacan A Conferencia de Madrid e os Acordos de Oslo. Neles participarán o Primeiro Ministro israelí e o líder da OLP, e terán como resultado o recoñecemento mutuo e a creación da Autoridade Nacional Palestina, que, con Arafat como primeiro presidente, controlaba a franxa de Gaza, Xericó e os seus arredores, e Cisjordania.
5. PRIMEIROS ANOS DO SÉCULO XXI. Israel saltou os acordos anteriores e seguiu formando colonias en territorios palestinos, ao que estes responderon continuando coas revoltas e accións terroristas. Israel

Tema 7. A Guerra Fría e a Política de Bloques. A descolonización e o Terceiro Mundo.

responderá a todas estas accións con brutais accións militares a modo de represalia. No 2012, a ONU recoñeceu o Estado Palestino, mais na práctica non cambiou nada.

4. A DESCOLONIZACIÓN DE ÁFRICA.

A. NORTE E NORDESTE DE ÁFRICA.

Ata despois da II Guerra Mundial non se xeralizou a conciencia nacional. A loita pola independencia estivo apoiada polo “panarabismo”, un movemento relixioso e cultural que promovía a solidariedade entre todos os países que tivesen como puntos en común a lingua árabe e a civilización musulmá. Na maioría das colonias europeas en África había un partido independentista que, mediante negociacións, foi conseguindo que as metrópoles lle cedesen ás colonias unhas cotas cada vez maiores de autogoberno.

Libia independizouse de Italia en 1951. Ao primeiro instaurouse unha monarquía, mais en 1969 pasou a ser gobernada por un ditador chamado Muamar el Gadafi, que se mantivo no goberno ata o ano 2011.

En 1956, España e Francia recoñecen a independencia de Marrocos, deixando o poder ao seu rei, Muhamad V. Ese mesmo ano, Tunisia independízase tamén dos franceses. O resto das colonias españolas en África eran Sidi Ifni, Guinea Ecuatorial e o Sahara. O primeiro foi entregado a Marrocos en 1969; Guinea accedera á independencia en 1968; e o Sahara, rematou entregado de forma apresurada a Marrocos e Mauritania en 1975.

O proceso de independencia de Alxeria, a antiga colonia de poboamento francesa, foi longo e complexo polos moitos intereses que Francia tiña alí investidos e a grande cantidade de inmigrantes franceses que alí había. En 1954 os independentistas fundaron a Fronte de Liberación Nacional, que iniciou unha insurrección armada. Os franceses enviaron un forte continxente de tropas para acabar coa rebelión, mais a guerra rematou sendo demasiado custosa, tanto económica como politicamente: a opinión pública mundial e os intelectuais franceses criticaron publicamente a represión que o goberno levaba a cabo en Alxeria. Todo isto provocou unha grave crise política, que inclinou ao dirixente francés, Charles De Gaulle a recoñecerlle a Alxeria o dereito de autodeterminación en 1959. A poboación francesa de Alxeria rebelouse, mais o goberno abortou a rebelión. Tras un referendo favorable, Alxeria independizouse en 1962, co nome de República Popular e Democrática de Alxeria.

B. A ÁFRICA SUBSAHARIANA.

A independencia dos países africanos foi un proceso continuo entre 1955 e 1965. Non todos os casos foron iguais: houbo procesos de negociación pacífica coa metrópole mais tamén noutros lugares guerra pola independencia. Mais o que si houbo en todos os casos foron loitas entre as distintas etnias por conseguir o poder que a metrópole deixaba e que moitas veces desembocaron nunha guerra civil.

1. AS COLONIAS BRITÁNICAS: A maioría conseguiron a súa independencia de xeito pacífico. Foi o caso de Ghana, Nixeria, Serra Leona, Tanganica e Uganda. Kenya, porén, houbo de pasar por unha guerra que durou 13 anos para conseguir liberarse.
2. AS COLONIAS FRANCESAS: O presidente De Gaulle ofreceulle ás colonias que lles quedaban a posibilidade de escoller entre manterse dentro dunha Comunidade Francesa, con autonomía e recibindo axudas económicas da metrópole, ou optar pola emancipación. Só Guinea escolleu a última opción. Porén, en 1960, esa Comunidade Francesa disolveuse sen chegar a funcionar e todas as colonias obtiveron a independencia.
3. O CONGO BELGA: Foi un caso moi conflitivo. En principio, só en dous anos o Movemento Nacional do Congo conseguiu a independencia. Mais os conflitos étnicos posteriores foron longos e brutais. Os belgas apoiaron a independencia da zona mineira de Catanga, que fixo unha guerra para separarse do resto do Congo e na que tivo que intervir a ONU. En 1965 instaurouse unha ditadura na zona do Congo que unificou de novo o país, recibindo o nome de Zaire.

C. O CONO SUR.

As colonias do Cono Sur non obtiveron a independencia ata a década de 1960.

Os casos de Sudáfrica e Rodesia do Norte teñen paralelismos. En ambas as dúas foi unha minoría branca a que proclamou a independencia e acabou facéndose co poder, instaurando un réxime de *apartheid*, é dicir, de discriminación da poboación de raza negra. Esta iniciou nos dous países unha loita pola igualdade. En Rodesia conseguíuse antes, en 1980. Pasou a chamarse Zimbabwe. En Sudáfrica, porén, a loita do partido de Nelson

Tema 7. A Guerra Fría e a Política de Bloques. A descolonización e o Terceiro Mundo.

Mandela (Congreso Nacional Africano) non deu os seus froitos ata 1993. A antiga colonia alemá de Namibia, controlada por África do Sur conseguiu liberarse coa axuda do novo goberno de Angola, en 1989.

As últimas colonias en emanciparse foron as portuguesas. Houbo diversas loitas e insurreccións, mais non foi ata que a “Revolución dos Caraveis” acabou coa ditadura de Salazar e se instaurou unha democracia, que tiveron as colonias a opción de independizarse. A metrópole declarou as libres moi pouco despois.

5. O NACEMENTO DO TERCEIRO MUNDO.

A. QUE É O TERCEIRO MUNDO.

Chamóuselle así a aquel espazo mundial que naceu a raíz da descolonización, que non pertencía nin ao mundo capitalista nin ao comunista e que se caracterizou pola súa inestabilidade política e o seu menor desenvolvemento. Posteriormente, comezou a usarse tamén a dualidade Norte-Sur para referirse á división entre un norte rico e un sur pobre.

As características básicas dos países do Terceiro Mundo son:

- Pobreza e desigualdades sociais.
- Elevado crecemento da poboación, ao manterse a natalidade e reducirse a mortalidade.
- Forte endebedamento exterior.
- Demasiada dependencia do sector primario e atraso industrial.
- Inestabilidade política, con frecuentes guerras civís e conflitos fronteirizos.

B. DEPENDENCIA ECONÓMICA E COLONIALISMO.

Durante a dominación colonial, a estes territorios non se lles permitiu industrializarse, polo que cando se independizaron deberon seguir mercando os produtos manufacturados, en moitos casos á antiga metrópole, que eran moi caros, mentres que exportaban as materias primas que se extraían no seu país, de prezo moito máis baixo. Con isto, o resultado da súa balanza de pagamentos é moi negativo, é dicir, ingresan moito menos do que gastan, polo que non poden pagar as súas débedas e seguen dependendo sempre da tecnoloxía estranxeira e dos seus préstamos. Por todo isto dicimos que as antigas colonias obtiveron a independencia política, mais manteñen a dependencia económica, polo que existe un neocolonialismo económico.

C. O MOVEMENTO DE PAÍSES NON ALINEADOS.

Estes novos países intentaron ser neutrais en política exterior. Os principais líderes destes novos Estados reuníronse nunha conferencia en Bandung, onde se creou o Movemento de Países Non Alineados. Todos os asinantes do Movemento condenaban o colonialismo e a discriminación racial, intentaron promover o desenvolvemento económico, defendían a independencia das nacións e proclamaban que ningún Estado debería intervir nos asuntos internos doutro, rexeitando así tanto aos EUA como á URSS.

O Movemento de Países Non Alineados fracasou, pois nin se conseguiu o desenvolvemento económico nin moitos deles foron capaces de manterse libres da inxerencia americana ou soviética.